

PLANTILLA DO EXAME PROCESO DE SELECCIÓN TÉCNICO/A TURISMO.

1. Para os efectos da lei 7/2011 de Turismo de Galicia, teñen a consideración de administracións públicas competentes en materia de turismo, entre outras, as seguintes:
 - a) A Administración da Xunta de Galicia e os concellos.
 - b) As entidades locais supramunicipais.
 - c) Todas as anteriores.

2. Integran a Rede Galega de Oficinas de Turismo:
 - a) As oficinas de turismo de titularidade da Xunta de Galicia e aquelas de titularidade maioritariamente pública ou privada que voluntariamente se integren na mesma.
 - b) As oficinas de turismo de titularidade da Xunta de Galicia e aquelas de titularidade maioritariamente pública que voluntariamente se integren na mesma.
 - c) As oficinas de turismo de titularidade da Xunta de Galicia e aquelas de titularidade maioritariamente pública ás que se lles requira para que se integren na mesma.

3. Para os efectos da lei 7/2011 de Turismo de Galicia, enténdese por xeodestinos turísticos:
 - a) As áreas ou espazos xeográficos limítrofes que, aínda non compartindo unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, contan con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular.
 - b) As áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular.
 - c) As áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, independentemente de que contén ou non con



capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular.

4. Cal é o decreto que establece a ordenación dos establecementos hostaleiros en Galicia?
 - a) Decreto 57/2016, do 12 de maio.
 - b) Decreto 59/2017, do 11 de maio.
 - c) Decreto 58/2018, do 13 de maio.

5. A segregación da poboación residente dun destino turístico, é un exemplo de:
 - a) Impacto que se dá en todos os destinos turísticos.
 - b) Impacto positivo nun destino turístico de masas.
 - c) Impacto negativo nun destino turístico de masas.

6. Bono Iacobus é:
 - a) Un servizo turístico deseñado especificamente para o Camiño de Santiago aloxándose cada día nunha casa de turismo rural diferente.
 - b) Un servizo turístico deseñado especificamente para o Camiño de Santiago con paquetes gastronómicos con produtos de proximidade de diferentes puntos de camiño.
 - c) Un servizo turístico deseñado especificamente para o Camiño de Santiago con visitas guiadas a diferentes puntos do patrimonio do Camiño.

7. As empresas de servizos que contan con selos de calidade recoñecidos e homologados, como a Q de calidade para establecementos turísticos poderán ser certificados por Galicia Calidade:
 - a) Si, de forma automática, ao contar cun distintivo de calidade previo.
 - b) Non. Son distintivos independentes.



- c) Si, a condición de que cumpran cos pregos de condicións establecidos.
8. A Xunta de Galicia, coa finalidade de apoiar ao sector turístico e para paliar os efectos negativos da pandemia sobre o devandito sector, impulsou:
- a) Tarxeta Turística #EliximosGalicia
 - b) Tarxeta Turística #QuedamosEnGalicia
 - c) Tarxeta Turística #ViaxamosGalicia
9. Segundo o estipulado na Lei 7/2011 de Turismo de Galicia as usuarias e os usuarios turísticos son:
- a) As persoas xurídicas que manifestan inequivocamente a demanda de utilización de produtos ou servizos xurídicos, ou que os adquiren ou consomen como destinatarios finais.
 - b) As persoas físicas ou xurídicas que manifestan inequivocamente a demanda de utilización de produtos ou servizos xurídicos, ou que os adquiren ou consomen como destinatarios finais.
 - c) As persoas físicas ou xurídicas que adquiren ou consomen algún produto ou servizo turístico ou que, como destinatarios finais, utilízanos ou manifestan inequivocamente a demanda da súa utilización.
10. Da anterior ponte gótica de 68 arcos de Ponte deume, quedan dúas figuras, o Oso e o Xabarin...onde se atopan na actualidade?
- a) Na praza do Mercado
 - b) No Convento de San Agustín
 - c) No Torreón dos Andrade
11. Das seguintes afirmacións, cal é falsa?
- a) Torreón dos Andrade mide 18 metros de alto e 11,50 de lado
 - b) Na década dos trinta do século XX colócase o escudo de don Ginés Ruiz de Castro Andrade.
 - c) En 1901 o Torreón pasa a ser propiedade da Vila.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

12. As festas patronais de Ponte deume, chamadas tradicionalmente «Festas de As Peras» celébranse en honra de:

- a) A Virxe das Virtudes e de San Xoan
- b) Juan A Virxe das Dores
- c) a Virxe das Virtudes e de San Nicolás de Tolentino

13. Un das sobremesas máis antigas de Ponte deume é o manguito cuxo principal ingrediente é:

- a) A améndoa
- b) A abelá
- c) A xema de ovo

14. Segundo a Organización Mundial de Turismo:

- a) Un visitante clasifícase como turista se está rexistrado pola Oficina de Turismo.
- b) Un visitante clasifícase como turista, se a súa viaxe inclúe unha pernoita, ou como visitante do día (ou excursionista) en caso contrario.
- c) Un turista é aquela persoa que se traslada da súa contorna habitual a outro punto xeográfico, estando ausente do seu lugar de residencia habitual máis de 36 horas

15. Cal das seguintes ferramentas e modelos non corresponde a área da xestión ambiental?

- a) ISO 14001
- b) EMAS
- c) CE

16. Cal dos seguintes xeodestinos non se atopa na provincia da Coruña?

- a) Barbanza-Arousa
- b) Terras de Santiago
- c) Mar de Santiago

17. Que proxecto de xeoparque existe dentro do xeodestino Ferrolterra?

- a) Proxecto Costa de Dexo



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- b) Proxecto Cabo Ortegal
- c) Proxecto Cova da Serpe

18. O Concello de Ponte deume conta coa praia de:

- a) Insua
- b) Chamoso
- c) Almeiras

19. O Torreón dos Andrade:

- a) Foi construído a finais do século XVI
- b) É o último resto do Castelo dos Andrade
- c) Hoxe en día funciona como Oficina de Turismo e Centro de Interpretación dos Andrade

20. O convento de San Agustín:

- a) Foi fundado por Diego Andrade en 1538
- b) Hoxe en día funciona como Casa de Cultura
- c) Conta actualmente cunha fachada renacentista

1R O Castelo dos Andrade:

- Sitúase na parroquia de Nogueirosa
- a) Foi construído entre os anos 1369 e 1377
 - b) As 2 respostas anteriores son correctas

2R ¿Conta Ponte deume con albergue de peregrinos no Camiño Inglés?:

- Conta cun albergue de peregrinos no Convento de San Agustín
- a) Conta cun albergue de peregrinos nos antigos almacéns do peirao de Ponte deume
 - b) Conta con 2 albergues de peregrinos

3R Segundo a Lei 7/2011 de turismo de Galicia:

- a) A administración galega viviará en especial o intrusismo profesional derivado do uso das novas tecnoloxías
- b) Os concellos teñen a obriga de promocionar o turismo co uso das novas tecnoloxías
- c) A lei non menciona este aspecto.

4R O artigo 13 da Lei 7/2011 de turismo de Galicia, literalmente di:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- a A usuaria ou usuario turístico ten dereito á calidade do servizo, de acordo co tipo de establecemento e publicidade efectuada e nos termos do previsto no artigo 32 da presente lei.
- b A usuaria ou usuario turístico ten dereito á calidade do servizo, de acordo co tipo de establecemento e publicidade efectuada.
- c A usuaria ou usuario turístico ten dereito á calidade do servizo, de acordo co tipo de establecemento e publicidade efectuada e nos termos do previsto no artigo 48 da presente lei.

5R As Fragas do Eume:

- a É o bosque atlántico máis grande de Europa, con casi 50.000 hectáreas.
- b Foi declarado Parque Natural o 12 de agosto de 2011
- c Conta con 2 monumentos medievais, os mosteiros de Caaveiro e Monfero

RESPOSTAS CORRECTAS:

- 1.- C
- 2.- B
- 3.- B
- 4.- A
- 5.- C
- 6.- A
- 7.- C
- 8.- B
- 9.- C
- 10.- B
- 11.- C
- 12.- C
- 13.- A
- 14.- B
- 15.- C
- 16.- C
- 17.- B
- 18.- A
- 19.- C
- 20.- B
- 1R.- C
- 2R.- B
- 3R.- A
- 4R.- A
- 5R.- C

